

Condições de Participación edición 2008 - Expocoruña > A Coruña

Solicitud de participación para expositores

Deberá formalizarse a través do impreso que proporciona a organización, facilitando todos os datos solicitados. Acompañarase de suficiente información gráfica sobre os produtos que se preten den expoñer na feira.

Aceptación de Participación

Para reservar o carácter e a finalidade da feira, a organización aplica criterios de selección na admisión dos produtos a expoñer, polo que se reserva totalmente o dereito de aceptación de participación e poderá rexeitar aquelas solicitudes que, o seu criterio, non se axusten á finalidade e carácter da feira.

En calquera caso, os expositores comprometeranse a aceptar as presentes Condições e as Directivas técnicas que se lles comuniquen.

A organización da feira comunicará por escrito a aceptación de participación e as instrucións técnicas relativas á montaxe e celebración da feira.

Ata ese momento non se debe facer ningún pago.

Forma de Pago

Realizarase en metálico ou por transferencia bancaria a favor de **Primavera, Feira Norte do Regalo**.

O pago efectuarase dunha soa vez e con antelación a data que se indique na carta de aceptación.

En calquera caso, a acreditación do pago da totalidade do custe do espazo contratado será condición indispensable para acceder á montaxe na feira.

Liquidación de gastos e retirada do material de exposición

A liquidación total dos gastos adicionais que se poidan producir polo expositor durante a celebración da feira, será condición indispensable para retirar o material (mobiliario, obxectos e instalacións) do seu correspondente espazo.

Renuncia

A renuncia do expositor á súa participación poderá ser motivo da perda da cantidade adiantada.

Montaxe e decoración de stand

Os expositores poderán dispoñer dos espazos na feira a partir do día anterior á súa apertura. A organización informará coa suficiente antelación dos horarios da montaxe.

Os materiais e obxectos a expoñer serán os que aparezan detallados na solicitude e foran admitidos pola organización.

Non se permitirá a entrada nen a saída de mercancías durante o horario de apertura ó público.

Calquera intervención no stand terá que contar ca autorización da organización. En atención ó deseño global da montaxe da feira, calquera modificación do stand queda supeditada ó criterio da organización e debe consultarse, en calquera caso ca suficiente antelación.

A ubicación dos espazos que ocupen os expositores quedará o criterio da organización que, en función das necesidades da montaxe, poderá modificala en todo momento.

Desmontaxe e saída

Os stands non poderán ser evacuados, nen na súa totalidade nen en parte, antes da hora de peche do último día da feira. Farase nos horarios que se indiquen pola organización, debendo deixarse o espazo completamente limpo e recollido de materiais de desfeita.

Os expositores deixarán os stands e equipamento nas condicións nos que os recibiron. Todos os deterioros causados polo expositor ou os seus mandatarios serán reparados ó seu cargo.

Vixiancia e seguridade

A feira establecerá dentro do recinto un servizo de orde e vixiancia xeral, pero declina toda responsabilidade sobre os danos e perdas que por accidentes meteorolóxicos, fume, roubo ou calquera feito da natureza que sexa, poideran ocasionarse ás instalacións e os bens de cantos particulares, entidades e organismos participen na mesma.

Os expositores serán responsables dos danos que, por acción propia, do seu persoal, ou das súas instalacións, poidan causar a terceiros.

Apertura e peche

Os expositores están obrigados a manter abertos ó público os seus stands durante todo o período de duración da feira, no horario fixado pola organización.

Suministro de enerxía eléctrica

Os stands poderán dispor de tomas para suministro de corrente alterna de 220W. Calquera outra instalación eléctrica deberá ser solicitada ca suficiente antelación e será por conta do expositor.

Invitacións

Os expositores recibirán, alomenos, 50 invitacións para distribuír libremente entre os seus clientes.

Condições Xerais

Os expositores están obrigados a permitir o paso, a través dos seus stands, para todos aqueles traballos de mantemento ou reparación que se consideren urxentes ou imprescindibles.

Os expositores deberán ter asegurado o seu persoal contra accidentes, así como cubrir os seguros sociais, impostos e demais obrigacións laborais previstas na lexislación vixente, declinando a organización da feira calquera posible reclamación ou incidencia sobre estes aspectos.

Prohíbese terminantemente depositar ou expoñer nos stands e instalacións da feira materias perigosas, inflamables, explosivas ou insalubres, que desprendan malos olores e, en xeral, aquelas que poidan molestar ós demais expositores e visitantes.

A custodia das instalacións e produtos en exposición correrá e estará a cargo do persoal particular de cada expositor.

Reserva de responsabilidade

A organización declina toda responsabilidade sobre as perdas ou danos dos produtos expostos ou doutras propiedades do expositor.

A organización, por causa xustificada, resérvase o dereito a modificar a superficie e/ou o emprazamento asignado ó expositor, así coma calquera outro cambio estrutural necesario, sen dereito a indemnización ou compensación.

Se, por calquera causa, non se puidera celebrar a feira, os expositores so terían dereito á devolución das cantidades entregadas, sen opción a ningunha indemnización.

A organización resérvase o dereito de admisión e poderá revocar esta, se foi atribuída por datos inexactos ou se non se cumpren as condicións de admisión e participación.

A organización poderá establecer novas disposicións impostas polas circunstancias para a boa marcha da feira, dándoas a coñecer ós expositores, incluso verbalmente.

Para todas as obrigas recíprocas, o lugar de execución e Tribunal competente é o Tribunal de Xusticia de A Coruña.

Obxectivos:

- Presentar unha proposta feiral novedosa, atractiva e de calidade orientada exclusivamente a compradores profesionais.
- Consolidar un novo discurso de presentación de produtos e a adhesión das empresas que os fabrican a un proxecto comercial co que se identifiquen.
- Crear unha atractiva cita profesional para fabricantes e comercializadores do regalo de calidade, liderando un novo estilo na organización de feiras profesionais.
- Crear unha plataforma de encontro e negocio ó redor dun sector cun enorme componente cultural, económico e creativo.
- Conseguir que a feira sexa coñecida non so polas súas posibilidades de negocio, senon tamén como un espacio de intercambio que revalorice o produto de calidade.
- Crear un novo e eficaz canle de comercialización para as pequenas empresas con produtos de calidade contrastada.

Carácter:

A feira Primavera **está reservada a compradores profesionais** acreditados (non se permite a entrada do público, salvo que dispoñan dunha invitación oficial).

Está dirixida o mundo do regalo de calidade, a decoración e o interiorismo, e se organiza co obxectivo de proporcionar unha cita anual entre empresas, fabricantes, deseñadores ou autores e compradores profesionais, maioristas, institucións, marchantes, galerías, etc.

Primavera serve ademais como cita anual para os produtores do sector do regalo, do obxecto de autor ou do regalo de empresa. Unha cita próxima que facilita o contacto directo entre responsables de puntos de venda e fabricantes ou distribuidores.

Admite prioritariamente como expositores a empresas ou autores que presenten obras ou produtos fabricados por eles mesmos, con modelos de autoría propia e cunha calidade contrastada, así como tamén a distribuidores deste tipo de produtos.

Primavera é o espacio axeitado para comercializar: cerámica decorativa, tradicional, para uso doméstico, porcelanas, lámpadas, pequeno mobiliario auxiliar, complementos, téxtis para o fogar e a decoración, marroquinería, xoiería, ourivería e pratería, obxectos de cartón pedra, esculturas de pequeno e mediano formato (en pedra, mármore, acibeche, bronce, ferro, cerámica,..), gravados, obxectos de metal para a decoración ou o regalo, bronzes, obxectos de madeira para uso doméstico, obxectos realizados en fibras vexetais, xoguetes, material de papelería e encadernación, obxectos de madeira taraceada ou decorada, esmaltes o lume, vidro decorativo, vidro tallado, vidreiras, vidro fundido ou soprado, regalos de empresa e publicitarios, obxectos de deseño, para xardinería, etc.

Non se admiten expositores que presente imitacións, obxectos realizados con materiais que induzan a confusión ou dos que non se dispoña de suficiente información sobre a súa composición, lugar de procedencia ou proceso de fabricación.

Primavera é unha feira sen fronteiras na que poden participar expositores de todo o mundo, co único límite da calidade dos seus produtos.

Características Técnicas

Lugar:

Expocoruña **www.expocoruña.com**

Novo edificio feiral de A Coruña, na entrada da cidade (Avda. Alfonso Molina) a poucos metros da saída da AP9 (Coruña-Vigo), con excelente acceso e grandes aparcamentos a carón dunha zona comercial. Wifi gratuito.

Estación de tren e autobuses a menos de 1 km. Aeroporto de A Coruña a 15 minutos. Centro da cidade a 5 minutos.

Entrada de vehículos ata o interior do recinto.

Espacios de exposición e prezos 2008:

> Espacio básico (mínimo) medidas aproximadas:
6 m² (3 m. de fronte x 2 de fondo):
575 eur + IVE 7% (615,25 eur)

> Outras medidas básicas:

8 m² (4 m. de fronte x 2 de fondo):
750 eur + IVE 7% (802,50 eur)

12 m² (6 m. de fronte x 2 de fondo):
1.100 eur + IVE 7% (1.177 eur)

> A partir de 12 m², cada metro cadrado: **90 eur + IVE 7%**

Estas medidas inclúen stand, luz, rotulación, moqueta, limpeza, inserción en catálogo web e 50 invitacións.

> **Espacios diáfanos** para montaxes realizados polo expositor (é necesario aportar deseño da montaxe para aceptación por parte da organización da feira): **70 eur m² + IVE 7%**

(Inclúe consumo eléctrico -non instalación-, limpeza, inserción en catálogo web e 50 invitacións).

Calquera montaxe distinta ó espacio básico, será concertada entre a organización e os interesados de forma personalizada.

Existe mobiliario deseñado especialmente para esta feira que pode ser alugado polos expositores (estanterías, mesas e vitrinas). Consultar para aluguer de outro tipo de mobiliario.

Datas e horarios:

do **17 o 19 de maio de 2008 (sábado, domingo e luns)**

*sábado día **17 festivo en Galicia** (Día das Letras Galegas).

Horario ininterrompido:

17 e 18 de maio, de 10:30 a 21 h.

19 de maio de 10:30 a 19 h.

Montaxe: venres 16 de maio. Desmontaxe luns 19 maio.

Entrada gratuita para compradores profesionais, previa invitación ou acreditación á entrada do recinto.

Número de expositores previsto: 130 (2.000 m²)

Promoción:

- Promoción por correo dirixida a 10.000 tendas de regalo, institucións, empresas, entidades, etc. de toda España e Portugal.
- Edición e distribución de 20.000 invitacións.
- Invitacións accesibles desde a web da feira.
- Distribución de invitacións entre expositores para o seu uso personal.
- Publicidade en prensa e revistas especializadas.
- Promoción telefónica.
- Web www.primaveranorte.com